

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Cidrás Pidre, José
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
López Nores, Martín
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajó, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Formella, Arno
García Cutrín, Francisco Javier
García Fontán, María Soledad
Montero Reguera, José Francisco
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Picos Martín, Juan
Rodríguez Domínguez M^a del Mar

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
Paz Penín, Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga.

ESTUDANTES

Diz Folgar, Manuel
Lima González, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Lopez Mira, Álvaro Xosé
Río Otero, Coral del

INVITADA

Fernández Docampo, Belén

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 09 de maio de 2024, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 09 de maio de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 03 de abril de 2024.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da selección dunha área de coñecemento para participar na convocatoria dunha praza de profesorado Titular de Universidade correspondente a persoal investigador "Ramón y Cajal" -OEP 2022.
4. Aprobación, se procede, da solicitude de comisión de servizos de Santiago Lago Peñas.
5. Aprobación, se procede, das memorias de programas académicos de percorridos sucesivos (PARS) para o curso 2024/25.
6. Aprobación, se procede, das modificacións non substanciais dos títulos de grao para o curso 2024/25.
7. Aprobación, se procede, das propostas de memoria dos másters de formación permanente: Enfermería de Práctica Avanzada en Urgencias e Coidados Intensivos e Auditoría e Contabilidade.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP) da Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2024.

10. Aprobación, se procede, da proposta de cesión da Universidade de Vigo da titularidade de patentes e rexistros de propiedade intelectual desde a Fundación Profesor Novoa Santos.
11. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do CIM.
12. Aprobación, se procede, da creación da empresa spin-off ECOLABO PLUS, S.L.
13. Ratificación, se procede, da proposta de nomeamento dun ou dunha vogal da Comisión de Publicacións.
14. Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia. Acceso ao curso 2025/2026.
15. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de recoñecemento mutuo de crédito ao abeiro do programa de intercambio.
16. Ratificación, se procede, da proposta de nomeamento dun novo membro na Comisión de Mobilidade Internacional, sector estudantes.
17. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutora Honoris Causa de Dona María Emilia Casas Baamonde.
18. Elección de representantes na Comisión delegada de Investigación e Transferencia de Consello de Goberno: 1 PDI.
19. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 03 de abril de 2024.

O reitor indica que non se presentaron observacións á acta e pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os cambios no equipo de goberno, sobradamente coñecidos pola comunidade universitaria, sinalando que conste na acta o seu agradecemento ás persoas que abandonan o equipo, José Luis Míguez, Patricia Valcárcel e Maribel Doval. A todos eles moitas grazas polos seus esforzos, xa que contribuíron de xeito xeneroso á construción dunha universidade mellor. A continuación dá as grazas as persoas que aceptaron incorporarse, Martín López Nores e José Cidrás Pidre. Refire a valiosa experiencia previa de José Cidrás, así como o coñecemento de Martín López Nores en tarefas de intendencia en labores de POD, aínda que o seu labor anterior fora como adxunto ao reitor sobre dixitalización.

No caso da Vicerreitoría de Benestar, xa estaba prevista a creación durante o mandato dunha nova unidade de diversidade. Temos nestes momentos claro que deberíamos ter unha unidade de Diversidade diferenciada da de Igualdade, polo que se vai a proceder a súa creación, que traerase ao Consello de Goberno en breve prazo. A idea sería que as competencias relativas a diversidade e ao programa PIUNE dependan directamente do reitor, igual que no caso de Igualdade. O resto de competencias da vicerreitoría pasan a formar parte da vicerreitoría de Susana Reboreda, o mesmo que as competencias de diversidade e PIUNE mentres non se proceda á creación da unidade prevista.

Informa tamén de que algunhas persoas loxicamente deixaron os seus cargos cos vicerreitores que os nomearan. Estamos a rematar o nomeamento destas persoas da estrutura de goberno, e o reitor quere agradecerlles aos que formaban parte desta segunda liña polo seu esforzo e o seu traballo durante esta etapa, especialmente a Jacobo Porteiro, foi un pracer traballar con el e espera que no futuro teñan moitas cousas en común que poidan facer.

Despois o reitor pide desculpas polo erro cometido pretendendo nomear a dúas persoas, que son predoutorais, como directores de área. Ao final non teñen o permiso necesario da Xunta polo que se procedeu á anulación de ditos nomeamentos. En todo caso, espera que no futuro estas dúas persoas, que son moi valiosas, cando teñan unha situación estable poidan formar parte do equipo de goberno. O vindeiro mes estará completada a estrutura e informará de como queda a segunda liña do equipo de goberno.

O tema mais importante e mais urxente que temos enriba da mesa son os temas de POD e saída de prazas, especialmente as de axudante doutor, tanto as que estaban no programa de goberno, 30 por ano, como as que veñen derivadas do plan Integra, que é un plan que vai ser cofinanciado polo Goberno de España e a Xunta de Galicia. Aínda non está o desglose do número de prazas que vanlle tocar á Universidade de Vigo. No desglose inicial contábase con 15 prazas máis, pero finalmente como hai unha achega maior por parte do Goberno de España e a Xunta de Galicia probablemente teñamos algunhas prazas mais, espera que fundamentalmente neste ano e no ano que ven.

En canto ao POD, hai que facer constar que houbo algúns atrancos coas novidades con respecto á docencia dos mestrados, algunha cuestión técnica que estase intentando arranxar que involucra a Sigma, Xescampus, Excel. Cuestión complexa que está a ter algún atranco que incluso nalgún caso terá que arranxarse de xeito manual.

Aproveita tamén para agradecer á unidade Sigma, especialmente a Cristina Gallego e Carlos Cuervo, polos seus desvelos para que todo isto se puidese levar a cabo, aspirando en que no mes de xuño podamos ter o POD en tempo e forma, e ter antes as listas de agarda con respecto ao ano pasado.

En canto ás prazas de axudante doutor, indica que seguimos co compromiso de sacar as 120 prazas no mandato, a razón de 30 por ano, e ademais sacaremos o número adicional que aínda non temos confirmado do plan Integra, cofinanciado polo Ministerio e a Comunidade Autónoma, que vains permitir incrementar tanto o orzamento como a masa salarial, é dicir, unha mellora con respecto ao que inicialmente estaba previsto, podendo chegar ata 18. No momento que teñamos a calendarización dos datos do Plan Integra traerase ao Consello de Goberno o contrato programa cos Departamentos, para que quede claro o compromiso do equipo de goberno e o compromiso dos Departamentos no número de prazas de axudante doutor, ou tamén de outras prazas, porque está aberto a que haxa tamén algunha praza de titular e de catedrático se é acaído nalgún caso, e que todo o mundo saiba que para o ano que ven van a saír tantas prazas de axudante doutor para as diferentes áreas. O traballo fíxose por unidade docente, aínda que tivo que facerse algunha mudanza porque non estaba contemplada a docencia do vindeiro curso de Intelixencia Artificial. O arranxamos dalgún xeito destacando o carácter estratéxico, pero en todo caso imos estar en disposición de facer ese contrato programa con todos os departamentos da Universidade.

En canto á oferta de prazas nas titulacións, tamén informar que segundo a Secretaría Xeral de Universidades xa se enviou ao Ministerio para a súa aprobación polo Consejo de Universidades a oferta de prazas para o curso 2024-2025, que vai comentar:

En canto aos graos, mantense a oferta aprobada pola Universidade de Vigo agás unha redución de 70 a 65 prazas no Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos, debido á media de matrícula dos últimos tres anos.

Polo que respecta aos mestrados, mantense a oferta con algunhas excepcións: o Máster Interuniversitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía, no que participaban a USC e a Universidade de Vigo, como non cumpre coa matrícula mínima nos tres últimos anos, e foi denegada a singularidade, desaparece. Tamén desaparece o Máster en Química Teórica e Modelización Computacional, no que participan varias universidades españolas e coordina a Universidade Autónoma de Madrid, posto que tampouco cumpre a matrícula mínima nos tres últimos cursos académicos, e tamén foi denegada a singularidade.

Apróbase a solicitude de aprazamento de prazas ata o curso 2025-2026 no Máster Interuniversitario en Economía Circular e o Máster Interuniversitario de Ensinanza do Español como Lingua Estranxeira, no que a postura da Universidade de Vigo era non adiar, pero aceptouse a proposta das outras universidades galegas de esperar un ano. En canto ao Máster en Desenvolvemento Sostible, acórdase a súa extinción por acordo da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do día 3 de maio de 2024. En canto a PARS, a oferta que aprobouse na Universidade de Vigo vai enteira (ten un punto na orde do día deste Consello de Goberno), falta o informe da ACSUG para as titulacións de nova implantación. Atinxe ao Grao en Enxeñaría de Automoción, ao Máster en Enxeñaría Aeronáutica vía Grao en Enxeñaría Aeroespacial, o PARS en Máster de Enxeñaría Biomédica vía Grao en Enxeñaría Biomédica, o PARS en Enxeñaría Industrial vía Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, o PARS en Máster en Enxeñaría de Telecomunicacións vía Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, e o de Informática vía Grao en Enxeñaría Informática. Todos estes trataranse hoxe no Consello de Goberno para o seu envío a ACSUG. Falta o informe do Máster en Biofabricación e do Máster en Internet das Cousas. Tamén hai un cambio de adscrición no Máster interuniversitario no que están as tres universidades galegas, o de Economía Circular. Foi incluído no Campus Auga e adscribíse á Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, xa que antes estaba na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo.

Outros temas aos que se refire o reitor son os seguintes:

- Facultade de Enfermaría. Nós seguimos coa mesma folla de ruta que tiñamos plantexado. Vai ser unha facultade única, con presenza equilibrada nos tres Campus, e queremos que ademais do Grao teña o Máster. A avaliación tiña unha C (alcánzase parcialmente os obxectivos, hai moitas cousas que cambiar) polo que convén mellorar o contido, incidindo de forma especial no número de profesores a tempo completo así como de doutores en todas as Escolas, resultando de obrigado cumprimento.
Estamos a tentar que o centro Ribera Povisa poida atopar o seu espazo dentro da nova Facultade. En novembro de 2023, as catro escolas adscritas aprobaron a declaración de interese da modificación da Memoria de Grao en Enfermaría xunto coa comisión redactora dos traballos. En maio de 2024, aprobaron dous centros a memoria provisoria da nova facultade (Pontevedra e Povisa). As escolas dependentes do Sergas prefiren esperar a que teñamos o código RUCT, referindo ademais o profesorado acreditado que teñen por centro; aínda queda moito traballo por facer de acordo coas cifras manexadas de acreditados.
- Eleccións de estudantes a Claustro o próximo día 13 de maio de 2024, cos resultados o vindeiro día 27 de maio de 2024.
- Apertura especial de Bibliotecas: comezou o 24 de abril ata o 14 de xullo.
- No vindeiro Consello de Goberno traeremos unha modificación das normas extraordinarias de aforro enerxético. Agradece á comunidade universitaria o aforro

extraordinario e agradece a Jacobo e José Luis polo traballo feito. Agora mesmo a situación é mellor polo que podemos volver á situación ordinaria.

- Tamén aproveita para dicir que estamos pedindo aos Departamentos que a comezo de curso poidan tirar do persoal do propio departamento.
- Xornadas para coñecer os Graos nos Campus.
- Madriñas e padriños para o programa de neofalantismo “Galego de Tranquis”.
- Moi activo o programa “One to one”.
- É un orgullo ter a Isabel Pastoriza no consorcio europeo que obtén un proxecto PATHFINDER, dotado con 3.6 millóns de euros.
- Athena e a UVIGO participaron na xuntanza da EUA dedicada a Universidades europeas.
- Feria de Emprego InCampus, celebrada en Ourense.
- Xornadas de portas abertas no CACTI, abertas a empresas e a comunidade universitaria.
- CES Uvigo competirá en Mónaco no Energy Boat Challenge.
- O grupo SING (Sistemas Informáticos de Nova Xeración) da Escola Superior de Enxeñaría Informática participa na rede AI4PolypNet na aplicación da intelixencia artificial ao cancro de colon.
- Ana Ulla forma parte do grupo que asina un traballo moi relevante sobre o burato negro máis masivo atopado na nosa galaxia, que foi publicado en Astronomy&Astrophysics.
- Segundas xornadas de Cinvigo, 20 e 21 de abril de 2024, festival científico divulgativo.
- 28 equipos de toda Galicia participaron na competición de robótica da Escola de Enxeñaría Industrial.
- As mareas de coñecemento chegan este ano aos concellos de Covelo, O Rosal, Poio, Allariz, Lalín e Ribadavia.
- Xornada de Lanzamento do FIREPOCTECP+, liderado por Juan Picos. Bota a andar en Pontevedra, coa participación de 17 institucións e dotado con 3.3. millóns de euros.
- Celebrada a semana da creatividade do Campus CREA de Pontevedra, con apoio da Deputación de Pontevedra e do Consello Social da Universidade de Vigo.
- Celebrouse a II Regata da Cátedra Almirante Álvarez Ossorio , trofeo Ría de Pontevedra, e gañaron os estudantes do Campus de Pontevedra.
- Homenaxe moi sentida da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e da RAGC ao profesor José Pazos.
- As tres universidade públicas galegas, unidas na organización das xornadas CRUE sobre internacionalización e cooperación, celebradas no edificio Fontán.
- As universidades de Vigo e Minho consolidan a súa cooperación interrexional co lanzamento de 4 proxectos conxuntos.
- Ciclo de cinema en lingua galega, remata no día de hoxe. Esperamos que se poida consolidar.
- Felicitar a Marcos Dopico, elixido como primeiro decano da Facultade de Deseño.
- Dar as grazas ao Consello Social polo traballo feito a través de enquisas para medir a opinión do estudantado estranxeiro, para corrixir as cousas que teñamos que mellorar.
- Reitera o orgullo porque Anxo Angueira entre na RAG.
- Programa Atrax: a Universidade de Vigo recibe ao catedrático Carlos García de Leaniz.
- Igualdade: distintivo ao Cintecx e as Facultades de Comercio e Comunicación.
- Representantes das televisións locais europeas agrupadas en CIRCOM no inicio da cátedra Uvigo abren a súa xuntanza en Redeiras.

- Os tres centros CIGUS:atlanTTic, CINBIO, CIM, renovan o seu selo. CINTECX e ECOBAS pasan a ser centros colaborativos. Seguiremos traballando para que acaden a distinción máxima do Sistema Universitario Galego.
- AtlanTTIC concede o premio Manolo Ramos e Fernando Isasi á mellor tese española sobre TIC a Jorge Parra, da UPV.

Remata o informe ás 10.48.

3. Aprobación, se procede, da selección dunha área de coñecemento para participar na convocatoria dunha praza de profesorado Titular de Universidade correspondente a persoal investigador “Ramón y Cajal” -OEP 2022.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, quen informa do seguinte:

DEPARTAMENTO	ÁREA	*CAMPUS provisional	PRAZA
D00c07 - Química analítica e alimentaria	A0640 - Nutrición e bromatoloxía	Ourense	1

* Campus provisional. Pendente do concurso de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador.

OEP 2022: Na actualidade existen catro prazas vacantes de TU.

Informe favorable por asentimento na sesión ordinaria da COAP do 18/04/2024.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da solicitude de comisión de servizos de Santiago Lago Peñas.

O reitor comenta que Santiago Lago Peñas é un activo moi importante da Universidade de Vigo, para a continuación cederlle a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta a seguinte información sobre a solicitude de comisión de servizos de Santiago Lago Peñas:

- Catedrático de Universidade (28/10/2011).
- Departamento de Economía Aplicada – Área de Economía Aplicada.
- Universidade de Santiago de Compostela.
- Efectos: 1 de setembro de 2024.
- Duración: curso académico 2024/2025.
- Informe favorable da USC.

- Informe favorable do Departamento de Economía Aplicada da UVigo.
- Informe favorable da COAP do 09/04/24.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, das memorias de programas académicos de percorridos sucesivos (PARS) para o curso 2024/25.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen, despois de sinalar que foron informadas favorablemente por asentimento na COAP do 18 de abril de 2024, presenta as propostas:

PROPOSTAS DE PROGRAMAS ACADÉMICOS DE PERCORRIDO SUCESIVO			
DENOMINACIÓN	REQUISITOS DA SOLICITUDE	REQUISITOS DA MEMORIA	OBSERVACIÓNS
Programa académico con percorrido sucesivo no Mestrado en enxeñaría aeronáutica vía o Grao en Enxeñaría Aeroespacial	OK	OK	
Programa académico con percorrido sucesivo no Mestrado en enxeñaría biomédica vía o Grao en Enxeñaría Biomédica	OK	OK	
Programa académico con percorrido sucesivo no Mestrado en enxeñaría de telecomunicación vía o Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	OK	OK	
Programa académico con percorrido sucesivo no Mestrado en enxeñaría industrial vía o Grao en Tecnoloxías Industriais	OK	OK	
Programa académico con percorrido sucesivo no Mestrado en enxeñaría informática vía o Grao en Enxeñaría Informática	OK	OK	

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, das modificacións non substanciais dos títulos de grao para o curso 2024/25.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen indica que foron informadas favorablemente por asentimento na COAP do 18 de abril de 2024, e presenta a seguinte información:

- Modificacións non substanciais de graos:
 - Reunión da CGIACA do 29 de febreiro.
 - Requiririlles ás universidades do SUG que completen as solicitudes de modificación non substancial tramitadas en decembro, engadindo no

apartado 4 da solicitude a listaxe de materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento ao que se adscribe o título, tendo en conta o artigo 14.4 do RD 822/2021.

- Artigo 14.4:
 - Os plans de estudos de 240 créditos incluírán un mínimo de 60 créditos de formación básica. Deles, polo menos a metade estarán vinculados ao mesmo ámbito de coñecemento no que se inscribe o título e o resto estarán relacionados con outros ámbitos de coñecemento diferentes ao que se adscribiu o título.
- Solicitude aos centros para cubrir un formulario con ambas as posibilidades:
- Validación pola comisión de calidade de cada centro e posteriormente aprobado na xunta de centro ou na comisión delegada.

RESUMO DO ESTADO DE SITUACIÓN DOS PROCESOS DE MODIFICACIÓN NON SUBSTANCIAIS	
RESUMO	TRÁMITE
24 programas de doutoramento presentaron unha modificación <u>non</u> substancial de adscrición á Eido.	Todos recibiron un informe favorable da ACSUG.
10 mestrados (<u>non</u> acreditados institucionalmente) presentan unha modificación <u>non</u> substancial asociada ao ámbito de coñecemento.	Todos recibiron un informe favorable de ACSUG.
26 Mestrados (<u>si</u> acreditados institucionalmente) presentan unha modificación <u>non</u> substancial asociada ao ámbito de coñecemento.	Tramitarase nos seguintes días á modificación directamente na sede do Ministerio.

RESUMO DO ESTADO DE SITUACIÓN DOS PROCESOS DE MODIFICACIÓN NON SUBSTANCIAIS	
RESUMO	TRÁMITE
9 graos (<u>non</u> acreditados institucionalmente) presentaron unha modificación <u>non</u> substancial asociada ao ámbito de coñecemento.	Todos agás o Grao en Enxeñaría Aeroespacial (que recibiu un informe desfavorable) recibiron un informe favorable condicionado a que se aprobara a formación básica vinculada ao ámbito. Tramitarase a subsanación ante a ACSUG.
21 graos (<u>si</u> acreditados institucionalmente) presentan unha modificación <u>non</u> substancial asociada ao ámbito de coñecemento. Inclúese o Grao en Química que, nun principio, solicitará unha modificación substancial.	A pesar de que non se require un informe favorable da ACSUG, presentan agora en coherencia cos graos non acreditados institucionalmente a formación básica vinculada ao ámbito de coñecemento da titulación. Tramitarase nos seguintes días á modificación directamente na sede do Ministerio.
2 graos (<u>si</u> acreditados institucionalmente) que inicialmente presentaron unha solicitude de modificación <u>non</u> substancial (o Grao en Educación Infantil e o Grao en Educación Primaria) finalmente tramitarán unha modificación o curso que vén.	Adiados ata o curso que vén.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, das propostas de memoria dos másters de formación permanente: Enfermería de Práctica Avanzada en Urgencias e Coidados Intensivos e Auditoría e Contabilidade.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen despois de explicar que foron informadas favorablemente por asentimento pola COAP do 18 de abril de 2024, refire o seguinte:

MESTRADO DE FORMACIÓN PERMANENTE: Enfermería de Práctica Avanzada en Urgencias e Coidados Intensivos

- Exposición pública (06/03/2024).
- Informe favorable do Servizo de Posgrao.
- Informe favorable do Comisión de Estudos de Posgrao (10/04/2024).
- Informe favorable da Área de Calidade.

MESTRADO DE FORMACIÓN PERMANENTE: Auditoría e Contabilidade

- Exposición pública (12/03/2024).
- Informe favorable do Servizo de Posgrao.
- Informe favorable do Comisión de Estudos de Posgrao (10/04/2024).
- Informe favorable da Área de Calidade.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP) da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen fai un pequeno recordatorio do procedemento:

- O Consello de Goberno, na súa sesión do 28 de abril de 2023, aproba a transformación da Escola Aberta de Formación Permanente no Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP).
- O Consello Social, na súa sesión do 7 de xuño de 2023, informa favorablemente a transformación da Escola Aberta de Formación Permanente no Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP).
- O CPFP inscríbese no RUCT co código 36020829.
- A resolución do 2 de febreiro de 2024, publicada no DOG do 14 de febreiro de 2024, acorda publicar a creación do CPFP.
- A memoria de creación do CPFP, no seu apartado 4.1, indica que, unha vez elixida a Comisión de Estudos polo Consello de Goberno, elaborará o Regulamento de réxime interno do CPFP para a súa aprobación polo Consello de Goberno.
- O Consello de Goberno, na súa sesión do 28 de febreiro de 2024, aproba a estrutura e a composición da Comisión de Estudos do CPFP.
- PROPOSTA:
 - Aprobación da proposta de Regulamento de réxime interno do CPFP.
 - Informe favorable de Asesoría Xurídica do 15 de abril e 3 de maio de 2024.

Neste intre abandona Rebeca Pilar Díaz Redondo a reunión de Consello de Goberno, pedindo que conste en acta a súa ausencia por unha reunión da conferencia de directores/as de escolas de enxeñaría de telecomunicación.

Quere intervir Anabel González Penín, quen fai varios comentarios sobre os artigos do Regulamento que se propón para a súa aprobación. En referencia ao artigo 4.2, dise que o centro ten a súa sede en Ernestina Otero, e ao final do artigo dise que é para o cumprimento das súas funcións. Entón as funcións das áreas académicas, quen as vai levar? Porque este non é un centro académico. O

vice-reitor de Titulacións e Innovación Docente responde que é un centro oficial de posgrao, e cando se fala de que depende organicamente da vice-reitoría e fálase da sede inicial no Ernestina Otero significa que os responsables da dirección e da administración que poida ter o centro terían a súa sede de momento no Ernestina Otero, pero iso non significa que parte do traballo que teñan que facer non estea nos servizos correspondentes. Anabel indica que, se non se equivoca, as áreas académicas dos centros teñen competencias neste tipo de titulacións, non o servizo de posgrao. O vice-reitor indica que ten o servizo de administración que ten, e outros no servizo de posgrao. Anabel González Penín fala do artigo 19, Comisión de Estudos, pide unha aclaración porque di que os membros serán nomeados en Consello de Goberno pero, entre os seus membros? O vice-reitor responde que non teñen que pertencer ao Consello de Goberno. Polo que respecta ao artigo 20.f, di que se levará ao Consello de Goberno pero, non debería de ser tamén ao Consello Social? O vice-reitor responde que o contido no artigo 20.e elévase ao Consello Social, o 20.f. pasa polo Consello de Goberno. Anabel González Penín comenta tamén que na memoria estaba aprobada unha estrutura de PAS, e pregunta se xa está establecida e se o Consello de Goberno foi informado sobre iso. O vice-reitor comenta que esa estrutura está retirada do último Claustro, e quedou para negociación coa Xunta de Persoal. Están traballando coa Xerencia para levalo despois á Xunta de Persoal. O reitor comenta que retiramos a estrutura a petición feita por unha persoa sindicalista que tiña toda a razón. Anabel di que non se debería aprobar este Regulamento mentres esa RPT non estea aínda aprobada. Anabel González Penín mostra o seu voto negativo.

Realízase unha votación co seguinte resultado: 35 votos a favor, 3 abstencións e 1 voto en contra.

Apróbase por maioría.

9. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2024.

O reitor cede a palabra á vice-reitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa que foi aprobada na Comisión de Investigación do 1 de abril de 2024.

Os mesmos apartados e criterios que en anos anteriores e as mesmas cifras que na convocatoria de 2022.

Modalidade A - Promoción da investigación (160.000 €)

A.1.- Contratos programa con grupos de investigación (80.000 €)

A.2.- Preparación de proxectos internacionais de I+D+i (65.000 €)

A.3.- Reparación de equipamento científico (15.000 €)

Modalidade B – Reunións científicas (65.000 €)

B.1.- Organización de congresos e reunións científicas (45.000 €)

B.2.- Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas (10.000 €)

B.3.- Visita de investigadoras e investigadores (10.000 €)

Carmen Ruiz Hidalgo cre que o problema que hai coas reunións científicas é o pago de comidas ou un mero ágape, porque ao final non se pode pagar aos profesores da Universidade. A vicerreitora e o reitor comentan que o estudarán.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da proposta de cesión á Universidade de Vigo da titularidade de patentes e rexistros de propiedade intelectual desde a Fundación Profesor Nóvoa Santos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen refire que foi aprobada por asentimento na Comisión de Investigación do 1 de abril de 2024, ademais de presentar a seguinte información:

- As patentes e o software dos que a FPNS quere ceder a titularidade foron desenvolvidas pola investigadora María Dolores Mayán Santos durante a duración da súa relación laboral coa Fundación. Dado que a Dra. Mayán vén de incorporarse como investigadora á Universidade de Vigo, adscrita ao CINBIO, a FPNS non está interesada en seguir mantendo a titularidade destas patentes e deste software.
- A investigadora solicita o mantemento destes títulos e solicitudes e a asunción por parte da UVigo da titularidade para poder continuar utilizando estas tecnoloxías nos seus traballos e proxectos, así como para buscar o seu licenciamiento.
- Esta cesión realizaríase con carácter gratuíto, pola duración completa do dereito e cun ámbito territorial que abrangue os territorios nos que está solicitada a protección das diferentes invencións/obras. A Universidade de Vigo asumiría os custos de mantemento das patentes, na porcentaxe que lle corresponda en función da súa participación en cada unha delas.

33 % da titularidade do software: Breast analyser software

Autores/as: Fernández Delgado, M.; Cernadas, E.; Azmat, M.; Rodríguez-Candela Mateos, M.; Mayán, MD.

Estado actual: Software rexistrado no Rexistro de Propiedade Intelectual.

Asento rexistral: 03/2023/448.

Titularidade actual: USC (67 %) e FPNS (33 %).

85 % da titularidade da patente: Method for the treatment of BRCA1/2 mutated cancer

Inventores/as: Mayán, MD.; Rodríguez-Candela, M.; Acea Nebrija, B.; Santiago Freijane, P.

Estado actual: Extensión internacional PCT.

Código: PCT/EP2023/050542.

Data PCT: 11/01/2023.

Titularidade actual: FPNS (85 %) e Sergas (15 %).

75% da titularidade da patente: Connexin 43 for use in the treatment of a cancer type characterized by the activation of a mitogen activated protein kinase

Inventores/as: Mayán, MD; Varela-Vázquez, A.; Guitián-Caamaño, A.; Paula Carpintero-Fernández, P.; Varela-Eirín, M.; Fonseca, E.; Quindos, M.; Calleja Chucla, T.



Estado actual: Extensión USA e Europa.
Códigos: EP 21 783 547.9 e US:18/248,101.
Data EP e US: 06/10/2021.
Titularidade actual: FPNS (75 %) e Sergas (25 %).

90 % da titularidade da patente: Connexin43 for use in the treatment of retinoblastoma protein positive tumours
Inventores/as: Mayán, MD.; Carpintero-Fernández, P.; García-Yuste, A.; Acea Nebril, B., Fonseca, E.
Estado actual: Patente internacional PCT.
Código: PCT/EP2022/070350.
Titularidade actual: FPNS (90 %) e Sergas (10 %)

46,5 % da titularidade da patente: Composition for the treatment of negative side effects of chemotherapy and/or radiotherapy
Inventores/as: Mayán, MD.; Acea Nebril B, Varela-Eirín, M., Rodríguez-Candela Mateos, M.; Díaz-Carballa, C.; Fonseca, E.; Barrio, LC.; Escudero, A.
Estado actual: Patente española concedida e patente europea solicitada.
Datos: solicitude prioritaria española: 25/04/2019. Solicitude EP: 27/04/2020.
Titularidade actual: FPNS (46,5 %), Sergas (45 %), UDC (5 %), FIBHRyC (3,5 %).

65 % da titularidade da patente: Peptides for use as senotherapeutic agents
Inventores/as: Mayán, MD., Varela-Eirín, M.; Castro-Iglesias, A., Vázquez-Sentis, E; Mascarenas, JL., Learte-Aymamí, S.; Caeiro, JR.; Pazos, E.
Estado actual: Extensión internacional na oficina europea e na oficina norteamericana.
Códigos: Europa: EP 20 756 777.7 e USA: US 17/631,865.
Datos: Solicitude europea EP e USA: 28/07/2020.
Titularidade actual: FPNS (65 %), USC (25 %), UDC (7,5 %) e Sergas (2,5 %).

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do CIM.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación:

Cambios no Consello reitor (art. 4)

- Representante da Xerencia en vez de Representante da Vicerreitoría de Economía.
- Representante da vicerreitoría con competencias en investigación en vez de Representante da Vicerreitoría de Investigación.

Cambios no Comité de Dirección (art. 5) e as estruturas de apoio:

- Inclusión de ata un máximo de cinco investigadores/as adscritos ao centro ou xestores/as designados pola dirección.

- Posibilidade de creación de comisións, unidades operativas, áreas funcionais e grupos de traballo de apoio á dirección.
- Inclusión da Comisión de Igualdade e Sostibilidade.

Cambios na composición do Comité Científico (art. 6):

- Representación de dous investigadores/as R2 (persoal investigador posdoutoral).
- Incorporación de ata tres investigadores/as principais do CIM que poidan achegar unha experiencia singular ou un valor referencial de interese.
- Eliminación da figura de investigador/a individual e reorganización das figuras de persoal (permanente, non permanente, asociado, en formación e colaborador) (art. 8)
- Definición detallada dos criterios de adscrición do persoal ao centro (art. 11) incrementando o nivel de esixencia e a validación previa por EAB (art. 7).
- Definición do proceso de avaliación interna do persoal do CIM e asignación das funcións de avaliación ao EAB (art. 7 e 15).

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da creación da empresa spin-off ECOLABO PLUS, S.L.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación:

Obxectivo: O obxectivo xeral de ECOLABO é ofrecer servizos personalizados para a avaliación da calidade ambiental baseados en criterios ecoloxicamente relevantes, sensibles, rápidos e rendibles, cun enfoque integrador, utilizando bioindicadores tanto acuáticos como terrestres, con organismos pertencentes a diversos niveis tróficos, para cubrir a meirande parte dos escenarios de vida final das substancias químicas materiais.

O **equipo promotor** está composto por:

- Ricardo Beiras García-Sabell
- Jorge Domínguez Martín
- Filipe Grave Laranjeiro
- Cynthia Gómez Salazar
-

Forma Xurídica: Sociedade Limitada.

Servizos ofertados:


- Avaliacións ecotoxicolóxicas terrestres e acuáticas (auga doce e medio mariño).
- Avaliacións de persistencia e degradación de substancias e materiais en medio mariño e terrestre.
- Análises metaxenómicas de microbiomas.
- Avaliacións de contaminación mediante o uso de biomarcadores. moleculares.
- Avaliacións in silico.

- Asesoramento para o cumprimento normativo de substancias químicas (UE, REACH, BPR, CLP, cosméticos) e xestión ambiental.
- Avaliacións de risco ambiental de substancias químicas e materiais.
- Identificación e mitigación de riscos de materiais de dragado.
- Identificación e mitigación de riscos en plantas de tratamento de augas residuais.
- Valorización de residuos orgánicos.
- Servizos de consultoría e capacitación.

What do we do?



Is an environmental sample polluted?



Is a product safe/toxic?



How to optimize production?



Standard and **customised** in-vivo testing – aquatic and terrestrial integral approach

Expert advise



Support for environmental management (i.e. remediation, protection)



Guidance for regulatory process, environmental risk assessment (ERA), registration, commercialisation, restrictions.

Viabilidade económica e financeira

Socio	Achega (€)	%
Ricardo Beiras García-Sabell	1005,00	33.5
Jorge Domínguez Martín	1005,00	33.5
Filipe Grave Laranjeiro	450,00	15%
Cynthia Gómez Salazar	450,00	15%
Universidade de Vigo	90,00	3%

Evolución prevista das vendas

Crecemento a partir do terceiro ano.

Aprobada pola Comisión de Investigación do 1 de marzo de 2024.

Aprobada polo Consello Social o 25 de marzo de 2024.

Apróbase por asentimento.

13. Ratificación, se procede, da proposta de nomeamento dun ou dunha vogal da Comisión de Publicacións.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa sobre a baixa voluntaria de María Leonor Parcero López, ratificada como membro do sector «Estudantado de mestrado ou doutoramento» polo Consello de Goberno o 20/ 11 / 2020, e solicita que sexa ratificada a inclusión de Pablo Vilas Santamaría como vogal da Comisión de Publicacións polo devandito sector.

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia. Acceso ao curso 2025/2026.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade. Como todos os anos hai que aprobar os parámetros entre as 3 universidades, a CIUG considera que deben estar aprobados con tempo suficiente.

Apróbase por asentimento.

15. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de recoñecemento mutuo de crédito ao abeiro do programa de intercambio.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Internacionalización, quen explica que a modificación vén dada polas dúbidas xurdidas cando hai mais dun centro adscrito a un título, porque ás veces ademais teñen diferentes mencións:

Modificación do **artigo 4** engadindo unha referencia ás titulacións adscritas a máis dun centro:

O órgano competente para propoñer un destes programas na Universidade de Vigo é a xunta do centro ao que estean adscritos os estudos conducentes á obtención da titulación participante no programa de recoñecemento mutuo de estudos. No caso de titulacións adscritas a máis dun centro poderá propoñer este programa a xunta de centro ou, no seu caso, xuntas de centro que estea ou

estean interesadas en participar neste e aproben promovelo, resultando de aplicación o programa unicamente para o centro ou centros que así o aprobasen na súa respectiva xunta de centro.

No caso de programas que requiran mobilidade física deberá asinarse o seu convenio de mobilidade previamente ou simultaneamente ao convenio interinstitucional para o recoñecemento mutuo de créditos.

Modificación do **artigo 6.f** na súa referencia ao artigo 4:

f) A aprobación das condicións académicas do programa, por parte da xunta ou xuntas de centro, consonte o artigo 4, da Universidade de Vigo onde estean adscritos os estudos involucrados.

Carmen Ruiz Hidalgo pregunta pola modificación; a entende pero cre que se debería clarificar na normativa unha dobre titulación que habilita para unha profesión, das que non habilitan para unha profesión, como é a de Dereito. Cree que iso sería un problema e un agravio comparativo cos alumnos Erasmus.

A vicerreitora comenta que xa falou co decano da Facultade e están facendo os axustes necesarios para que haxa garantías suficientes, pero se Carmen Ruiz ten un dato mais é importante que llo transmita. A Xunta de Facultade é o centro que o aproba. O reitor comprométese a facer un estudo posterior para os estudos habilitantes; é obvio que un alumno estranxeiro se non fai o máster non podería traballar en España, mentres os estudantes españois si poderían exercer o traballo en Arxentina. O reitor comprométese a facer un seguimento deste tema.

Apróbase por asentimento.

16. Ratificación, se procede, da proposta de nomeamento dun novo membro na Comisión de Mobilidade Internacional, sector estudantes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Internacionalización, quen fai a proposta de nomeamento de Samuel Fernández Torre como novo membro da Comisión de Mobilidade Internacional, sector estudantes, pola renuncia de Inara Domínguez Pintos.

Apróbase por asentimento.

17. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutora Honoris Causa de Dona María Emilia Casas Baamonde.

O reitor cede a palabra a Belén Fernández Docampo, quen pronuncia as verbas en nome de Jaime Cabeza Pereiro, para facer a proposta de María Emilia Casas Baamonde, facendo un relatorio dos moitos méritos que a fan merecedora deste nomeamento.

O reitor solicita que os méritos que acábanse de ler se incorporen como anexo á acta (Anexo I).

Despois informa dos seguintes requisitos:

- Proposta de un ou varios departamentos por acordo de máis da metade máis un dos membros do Consello de Departamento.
 - Acordo unánime do Consello de Departamento de Dereito Público Especial: ✓
- Memoria razoada que fundamente os méritos e/ou circunstancias excepcionais que concorran na persoa candidata ✓
- Currículo da persoa candidata proposta ✓
- Aval de, polo menos, 3/5 dos departamentos do ámbito de coñecemento:
 - Cóntase co aval de 7 dos 13 departamentos do ámbito xurídico social

X01- Análise e intervención psicosocioeducativa	
X02 – Dereito Privado	
X03 - Dereito Público	✓
X04 - Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación	✓
X05 - Didácticas especiais	
X06 - Economía aplicada	✓
X07 - Economía Financeira e Contabilidade	✓
X08 - Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas	
X09 - Organización de Empresas e Mercadotecnia	✓
X10 - Psicoloxía Evolutiva e Comunicación	✓
X11 - Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía	
X13 – Dereito Público Especial	
X14 – Comunicación Audiovisual e Publicidade	✓

- Informe de centros correspondentes:
 - Facultade de Dereito do campus de Ourense ✓
 - Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense ✓
 - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense ✓
 - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do campus de Vigo ✓
- Cada ámbito só poderá facer unha proposta, como máximo, cada 2 anos e, tralo nomeamento dun candidato/a, os departamentos propoñentes non poderán facer unha nova proposta ata pasados, polo menos, 4 anos: ✓
 - O último nomeamento data de xaneiro de 2023:
 - Nicholas A. Kotov (ámbito científico)

No caso de María Emilia Casas Baamonde cumpríronse todos os requisitos esixidos, polo que se solicita a aprobación da proposta de nomeamento como nova Doutora Honoris Causa pola Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

18. Elección de representantes na Comisión delegada de Investigación e Transferencia de Consello de Goberno(1): 1 PDI.

Presentouse a candidatura de María de los Angeles Peña Gallego, polo que non é necesario celebrar eleccións.

19. Quenda de intervencións.

O reitor cede a palabra a Miguel Cuevas, quen sinala que a primeira intervención como parte social é para mostrar un agradecemento aos vicerreitores que deixan o equipo, que marchan, sobre todo, porque son vicerreitores que tiveron unha implicación enorme na vida da parte social dos traballadores e as traballadoras desta universidade, e tamén ás direccións de áreas que dimitiron, xa que foron un pilar importantísimo nesta traxectoria que loita a favor dos traballadores desta universidade. Non podemos esquecer todo o traballo feito na pandemia e coa enerxía, e tamén como mudou a calidade, como mudou para ben, un ente humanizado e non inquisitorial coma no pasado, e non coartante na nosa actividade docente. Tampouco pode esquecer todo o que se fixo en responsabilidade social real, na nosa contorna cara a unha verdadeira sostibilidade social, e por suposto todo o que ten que ver con convivencia, e con acción social. Desde o punto de vista social pide que se siga por unha senda agarimosa, aberta á negociación, onde o profesorado pasou de ser un número, a ser persoas con necesidades. Recolle o guante do reitor, tamén sería importante que houbera un verdadeiro compromiso de estabilización.

Polo que se refire ao nomeamento de persoas postdoc como directores de área, aínda que xa indicou o reitor que xa se anulou, Miguel Cuevas comenta que nos sindicatos saltou a alarma enseguida, parecía que as persoas poderían ter un conflito de interese xa que están nunha etapa de consolidación.

Outra cuestión que quere comentar ten que ver co recoñecemento de prácticas curriculares e a cuestión dos certificados que terá que facer a universidade, que sexan o mais favorecedores posible para as persoas, que se teñan os días de vacacións para o prorrateo, as fins de semana, etc. Outro tema é a situación das cafeterías: a viabilidade das mesmas. Pregunta se existe algunha planificación ao respecto, é unha cuestión política.

O reitor comenta que en referencia as prácticas curriculares, querían un recoñecemento global por parte da CRUE, é dicir, recoñecer os créditos, pero tal e como está agora é unha liorta, e para a xubilación cree que va a ser nulo. En canto ao certificado, vai consultar para ver como imos facer.

Con respecto as cafeterías, responde que algunhas poden salvarse con algo, pero outras terán que sacarse de novo a concurso cunhas condicións diferentes para que poidan ter rentabilidade. A xerenta informa de que os informes de auditoría son clarísimos e non podemos afogar tanto á xente, non poden acumular tantas perdas, sería unha irresponsabilidade pola nosa parte.



O reitor comenta que os nomeamentos falidos foron un erro seu, pero a corrección foi no mesmo día, xa que se algo nos caracteriza é que cando nos equivocamos non temos problema en corríxilo.

Manuel Diz Folgar intervén para despedirse como membro do Consello de Goberno e tamén do Claustro, e para dar as grazas polo traballo. Estamos aquí para que a Universidade vaia mellor, citando ás distintas comisións nas que traballou, incluíndo o Consello Social, e desexando que a senda siga sendo a correcta.

O reitor dálle as grazas. Vai ser difícil encontrar a outra persoa con tanto compromiso, o seu currículo é excelente, e dille ata logo e non adeus. Por outra banda, informa de que nomeou a Vicente Romo como novo membro do Consello de Goberno.

José Rúas intervén con respecto ao POD, a saída a concurso das prazas de Axudante Doutor. Estaban arriba polo déficit estrutural e agora teñen unha nova listaxe na que caen en picado. Presentaron unha alegación para saber como podía explicarse tanta diferenza da primeira listaxe á segunda. Súmase tamén á benvinda aos novos vicerreitores, pero que o novo vicerreitor de Ordenación Académica estableza mecanismos compensatorios de reequilibrio para esas áreas. O reitor responde que os contratos programa aínda non están escritos polo que non estamos incumprindo ningún contrato programa; haberá que escribilo e traer unha excel para os vindeiros próximos 3 anos. Pero é o que se negociou no seu día, comentando que non podemos mudar a norma se vemos que non funciona mal. Intentaremos deixar unha universidade o mais equilibrada posible. Engade que a LOSU está adiada, engadindo ademais que o decreto de ensinanza artísticas temos varios anos para facelo; o lado bo foi que xa estamos cumprindo por diante do esperado.

Quizais durante un ano teñamos que tirar de listas de agarda, e pide comprensión porque os números que se poidan sacar serán os que se permitan.

Non hai mais intervencións.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.23 h. do día 9 de maio de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral